



galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DE GALICIA E A SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A. (SOGAMA) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.

DECLARA:

Que esta Sociedade ten previsto formalizar coa Escola Galega de Administración Pública EGAP o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do mesmo ata o 31 de decembro de 2017, prorrogándose de forma expresa por anualidades naturais, salvo denuncia expresa de calquera das partes antes do seu termo, ou o de calquera das súas prórrogas.

Antecedentes

A EGAP é un organismo autónomo dependente da Xunta de Galicia que ten encomendadas as actividades de escola de formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e realización de traballos de divulgación no campo da administración Pública, promovendo a máxima difusión.

A súa vez, SOGAMA é unha sociedade mercantil pública, dependente tamén da Xunta de Galicia, que ten encomendada a función de xestor institucional dos residuos urbanos. Ten tamén entre as súas funcións as de promover e divulgar á sociedade actuacións para que se adquiran os hábitos necesarios para implicar a sociedade na adecuada xestión dos residuos en orixe, tratando de acadar a maior reutilización dos materiais susceptibles de reutilizar, a redución de residuos e a correcta separación dos mesmos para un tratamento máis eficaz nas instalacións de SOGAMA.

Igualmente, se considera necesaria a formación continua do persoal de SOGAMA a fin de que adquiran a maior capacitación posible no desenvolvemento das súas funcións e, principalmente, as que teñen relación directa coa Administración

Finalidade e Obxecto do Convenio

É polo tanto o obxecto do convenio de colaboración a participación do persoal dependente de SOGAMA nas actividades de formación que promova a EGAP, así como colaboración de ambas entidades no desenvolvemento de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias competencia de ambas entidades.

Fundamentación do instrumento convencional:

Segundo a Resolución do Director da EGAP, do 4 de xaneiro de 2008, pola que se actualizan os criterios de participación en actividades normativas da EGAP (DOG nº 7, do 10 de xaneiro de 2008, se establece que, mediante a sinatura de convenios de colaboración, poderá participar nas actividades da EGAP o persoal das empresas públicas.

SOGAMA, ademais, no cumprimento dun dos seus obxectivos tamén promove actividades de formación a determinados sectores da sociedade galega para a sensibilización e concienciación para o adecuado tratamento do lixo, principalmente fomentando a reutilización, redución e reciclaxe dos materiais susceptibles de selo e a correcta separación e orixe dos mesmos.

O convenio de colaboración non supón obrigas económicas específicas para ningún dos asinantes polo que non é precisa a autorización previa do Consello da Xunta, de conformidade co establecido na Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de Transparencia e bo Goberno

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de

aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Director Xeral

Isidro García Téllez